



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo de Pesca  
Investimos na pesca sustentable

## **PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO HÁBITAT MARIÑO DE REGO DO ALCALDE**

O obxectivo principal do proxecto será a recuperación do hábitat da zona do Rego do Alcalde, mediante a limpeza de algas que ocupan o 100 % do leito mariño e o posterior aporte de sedimento de tamaño de gran máis grosso que o existente e que provoque corrección granulométrica do substrato.

Obxectivo secundario, derivado do obxectivo xeral, é o incremento do nivel do leito mariño, reducindo así a batimetría da zona recuperada que provocaría un cambio dende o punto de vista hidrodinámico, ao pasar dunha zona de acollemento e depósito de algas a unha zona limpa e apta para o asentamento de novas especies.

O terceiro obxectivo consiste na repoboación da zona recuperada mediante a sementeira de ameixa babosa (*Venerupis corrugata*), especie autóctona que constituiría un recurso marisqueiro para a flota artesanal de marisqueo a flote.

Durante o ano 2018 e 2019 desenvolvéronse os traballos descritos para a consecución dos obxectivos presentados.

A primeira acción do proxecto desenvolveuse en dúas xornadas de traballo o 6 e 7 de Decembro e foi realizada por unha embarcación propia da confraría que por medio dun bou de vara procedeuse á retirar as algas presentes na zona de recuperación. Durante o primeiro ano a empresa OSMAR S.L. propietaria do barco “Elvira Eiriz” realizou a descarga de 4.000 m<sup>3</sup>, nunha superficie de 9.000 m<sup>2</sup>. E a Confraría realizou a sementeira de 1.250.000 unidades de ameixa babosa de talla 15-18 milímetros, procedente do criadeiro Proameixa Fernández S.L.

A derradeira acción do proxecto tivo lugar o 17 de Xuño de 2019, onde foron sementadas 2.750.000 de semente de ameixa babosa, nun área total de 16.000 m<sup>2</sup> preparada despois do aporte de 8.500 m<sup>3</sup> de substrato de gran grosso na zona previamente limpada de restos antropoxénicos.

O orzamento total do proxecto acadou os 116.714,05 € cofinanciados a un 75% polo FEMP (Fondo Europeo Marítimo e da Pesca) da UNIÓN EUROPEA e un 25% da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.